



AT
LAN
TIGA

festival
internacional de
narración oral



EDICIÓN
2019

ARTISTAS

Que é Atlántica?

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, nace no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela e cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlanticista.

Sete anos despois, Atlántica navega por toda a xeografía galega.

Na edición de Atlántica 2019 celebramos a don Antonio Fraguas e Fraguas e os 50 anos do cadro As Mariscadoras de Luis Seoane

Contadores e contadoras dunha beira e outra do Atlántico chegan aos nosos peiraos para encher de historias a semana do 11 ao 15 de marzo.

Contadores e contadoras de historias de Portugal, Xapón, Brasil, Teruel, País Vasco, Guadalajara, Canarias...

Yoshi Hioki - Xapón



Naceu e creceu na cidade de Hirakata, da prefectura de Osaka, Xapón. Ao rematar os seus estudos de bacharelato no ano 1991 trasladouse á cidade de Barcelona para estudar pintura. Durante a súa licenciatura na Facultat de Belles Arts da Universitat de Barcelona coñeceu o mundo da narración oral e decidiu profesionalizarse nesta arte. Dende entón non parou de contar contos, mitos e historias de diferentes épocas, xéneros e temáticas, para adultos, para mozos, para nenos e para todo tipo de público.

Contou en teatros, festivais, escolas, bibliotecas e casas de cultura non só en Cataluña e ao longo territorio español, senón tamén en Portugal, Brasil, Perú, Chile, Arxentina, México e Costa Rica.

Seguiu vinculado ao mundo da expresión plástica e desenvolveu diversas actividades como conferenciante e docente de talleres e seminarios no Museu Etnològic (dende 1977) e a Casa de Asia de Barcelona (dende 2001) onde forma parte do equipo docente no departamento pedagóxico: a Escola Bambú.

A súa inquietude por enlazar o mundo das palabras con diferentes disciplinas artísticas, sobre todo as artes plásticas, levouno a intervir ocasionalmente no Museu Picasso, a Fundación Miró, o Museu Nacional d'Art de Cataluña e a Fundació Tàpies, a través de diferentes proxectos artísticos.

É membro de ANIN, Associació de Narradores i Narradors. Licenciado en Belas Artes e titulado no Curso de Aptitude Pedagóxica na universidade Politécnica de Cataluña. Os seus autores favoritos son Michael Ende e Ryunosuke Akutagawa.

Para entender un pouco máis do seu universo creativo basta citar a súa resposta cando nunha entrevista lle preguntaron polo seu oficio:

“A pintura e a narración son complementarias: neve, chuvia e unha flor de camelia. Vexo nitidamente as paisaxes de estas historias e píntoas coas palabras e o silencio. E nace entre o público e eu unha pintura irrepitible que reflicte a alegría e a tristura da vida mesma para logo desaparecer”

ESPECTÁCULOS


Cuentos populares de Japón (Contos populares do Xapón)

Os contos tradicionais de Xapón son de temas e aspectos moi diversos. As tramas van dende campesiños dos arrozais a nobres da corte imperial, de animais e monstros, de dragóns e mariposoas, poéticos e picarescos.

Yoshi interactúa co público transformando as súas palabras nun pincel que ilustra con claridade, humor e sensibilidade as historias e os costumes do país do afastado oriente.

Historias para participar, cantar, rir e emocionarse.

Maricuela - Teruel



Maricuela é un axóuxere de papel, dous ollos, ás veces tres, un peto de marmelo, de palabras; pequenas, grandes, tolas, redondas, *lirondas* e sinceras, cando conta mentiras. Sae dunha maleta, viaxa en tren e ten as orellas do revés, non me preguntes porqués.

Porquéque... cun monicreque fágoche un conto, cántoche un canto, cun canto recítoche un poema e cun poema encántoche.

Comezou a contar no ano 92 nunha Casa Fogar do Distrito Federal, ese día descubriu que na súa cabeza tiña historias e que lle apaixonaba contalas.

Voltou a España e comezou a contar na Biblioteca de Salamanca, en colexios, cárceres ou teatros. Descubriu o *Maratón de Cuentos de Guadalajara*, que a puxo en contacto con xente que, como ela, tiña a cabeza chea de contos.

Estudou xornalismo, pero a busca dun campo máis creativo levouna a publicar historias e artigos historiados en diferentes revistas literarias, xornais e editoriais como Oqo, M1C, etc.

Licenciouse en Belas Artes e, tal vez por ser filla de telegrafista, as palabras, os telegramas e os poemas mesturábanse coas súas obras plásticas.

Porque a Maricuela o que lle gusta é comunicar.

E se hai un gran comunicador, unha gran comunicadora, é o clown, arte á que dedica toda a súa enerxía dende o ano 92, "*un ano de descubrimentos*"

Traballou con Berín Tovías e con Eric de Bont, Michel Dallaire, Philippe Gaullier e outros. O seu clown xogaba e xoga a contar e a súa contadora

“clownclusionaba” e “clowncusiona”.

Estudou na Escola Internacional de Teatro Jacques Le Coq en París. A pedagogía de Le Coq, sumamente sutil, transformou a súa mirada enchéndoa de poesía.

Seguindo a escola de Joaquín Díaz e de Iñaki Peña comezou a recoller historias e músicas das avoas de Teruel.

Despois dunha conferencia-obradoiro sobre Narración Oral para a Consellería de Educación da embaixada española en Berna xurdiu o obradoiro de Narración de Historias “Voz, cuerpo y mirada”; *“Se os nosos ollos cosen palabras, a nosa voz debuxa mundos e o noso corpo baila co tempo, estamos tecendo un conto. Un conto tecido entrará polas orellas, baixará por un tobogán ata a alma e alí quedará asando castañas”*

Percorreu América Latina e Europa contando historias en distintos festivais.

“Cando conto para nen@s vou coa maleta Cuchufleta e cando conto para adultos non levo nada, só a comarca dos “Sanquetes” na cabeza: Sanquetevi, SanquetetoqueRoque, Sanquetemerendé, Sanquetebesé... Todos teñen un pouco de Aliaga, unha vila pequenísima onde vivín un tempo feliz. Non é difícil para min imaxinarme agora ou no futuro coa boca desatada, a pluma lixeira e os oídos á espreita, bailando estrofas e mirando ao público, rodeada dun vaivén de imaxes súas e miñas que quizáis desabotoen emocións, paixóns, reflexións, risos ou algún ollal baleiro (que de todo ten que haber...)”

Historias de risa sin prisa (Historias de risa sen présa)

Un conto para cada momento, para un momento apagado sairá un conto acendido, se está triste un conto contento, e se é verde un amarelado. Teño contos de sobremesa, de sobrecadeira, de sobresolo... para espertar ao leirón e durmir á curuxa e ao moucho. Nun momento, un conto entrará polas orellas, baixará por un tobogán ata a alma e alí quedará asando castañas.

Espectáculo con palabras, obxectos, monicreques, poemas, libros, cantos e contos.

QUE PASARÁ?

Virá aquela Historia vestida de amarelo,
un traxe de cola longo bastante estrafalario,
e traerá unha carta en tinta laranxa que dirá:

Xa era hora, filla! Espallarase por todas partes. Comezará a abrir portas, sacará unha nube dun peto que estará ao revés, peinarase e nun intre despeinarase, sacará un furacán e un túnel, un tobogán e unha trompeta, acariciaranos e, cando menos o agardaremos asustaranos.

El Cuentatrillo

Maricuela ten un peto do que saen contos sen parar. Cada conto é un mundo cheo de obxectos e personaxes. Cando a maleta Cuchufleta se abre, abrése unha porta e podemos chegar a ser piratas, monos, vendedores de bonetes ou expertos adiviñadores. Son contos, *chascarrillos*, coplas e adiviñanzas propias ou tradicionais. Historias que viven en pequenos ou grandes libros, ideas de turrón que viven no zurrón, contos de pan e marmelo que saltan do peto, cantos de sal e pimenta que irán con vento para volver... noutro momento.

Menudos cuentos (Menudos contos)

Poesías, cantos, monicreques e contos para iniciar aos bebés no mundo máxico das palabras e do ritmo. É posible unha aproximación á literatura e aos libros dende a maxia do contador-cantador. A contadora achégase pouco a pouco. As palabras soan, resoan, xogan... como unha nana, como a ladaíña da túa avoa, como o ruído do tren, a risa do teu irmán, ou o pato que cantaba ao sol... Para nenas/os cos ollos moi abertos que escoitan o que a moitos lles pasa inadvertido.

Para eses con cara de principio, para os/as que todo, todo... é unha historia e un descubrimento.

Pep Bruno - Guadalajara



Licenciado en Filoloxía Hispánica (Universidad de Alcalá de Henares) e en Teoría da Literatura e Literatura Comparada (Universidad Complutense de Madrid), e diplomado en Traballo Social (Universidad Pontificia de Comillas).

Comezou a contar contos como profesional en 1994 e esa sigue sendo, a día de hoxe, a súa profesión e a súa paixón. Conta contos a público infantil, xuvenil e adulto; contou por toda España e tamén noutros países: México, Portugal, Perú, Chile, Costa Rica, Panamá, Paraguai, Bolivia, Guinea Ecuatorial, Suiza, Bélxica, Tunisia e Arxentina participando en feiras, festivais e eventos importantes de narración oral (*Maratón de Cuentos de Guadalajara, Festival de Agüimos, Festival de Beja en Portugal, Alden Bilzen Festival en Bélxica, El telar de Sharazade en México DF, Las siete lenguas del Dragón'09 Laussana-Suiza, Feria Internacional de las Artes de Costa Rica, Palabras Más Palabras Menos de Buenos Aires, etc.*). Foi membro do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil de Guadalajara (España) e participou na organización do *Maratón de Cuentos de Guadalajara* entre 1994-2006.

Imparte talleres literarios e de creación; organiza actividades de animación á lectura; escribe artigos especializados, da cursos e conferencias en universidades, colexios, centros de profesores, bibliotecas, casas da cultura, etc. Tamén escribe: publicou durante 17 anos un conto semanal na revista *El Decano de Guadalajara*. E colaborou coa Cadena SER (local e rexional) dende 2004 ata 2015. Na actualidade colabora con Radio Castilla La Mancha tódolos domingos recomendando libros e contos. E mantén tres blogs: un sobre

narración oral e o seu día a día como narrador, lector, editor, escritor... (<http://www.tierraoral.com>), outro sobre toponimias fantásticas (<http://toponimiafantastica.blogspot.com>) e un terceiro sobre a editorial Palabras del Candil, da que é editor (<http://palabrasdelcandil.blogspot.com>).

Como autor publicou dúcias de libros traducidos a máis de dez linguas.

No 2010 foi Premio Compostela de Álbum Ilustrado, outorgado pola Editorial Kalandraka en colaboración co Concello de Santiago.

Tamén publicou artigos de reflexión, entrevistas, etc. en diversas revistas especializadas (ver web www.pepbruno.com en artigos propios).

ESPECTÁCULOS

DE MI MOCHILA TRAIGO PALABRAS (DA MIÑA MOCHILA TRAI O PALABRAS)

Pep naceu en Barcelona, pero dende hai moitos anos a súa casa está en Guadalajara. Dende alí percorre o mundo enteiro contando historias.

Na súa mochila vai gardando tódalas palabras e tódalas historias que escoita, que lee e que escribe. Con esta equipaxe marabillosa chega e invítanos a sentar e escoitar para viaxar con el por eses mundos para celebrar xuntos unha festa da palabra dita.

LA CASA DEL FORESTAL -- EL ORIGEN DE LA CASA DEL FORESTAL (A CASA DO FORESTAL – A ORIXE DA CASA DO FORESTAL)

Rapaces/as 1º e 2º de ESO

Sinopse: Encantábanos ir contar historias de medo ao cemiterio, aínda que había outros sitios ben interesantes para compartir estes contos: a cova do home morto, a presa do muíño vello... ou a casa do forestal. Aínda que á casa do forestal non nos deixaban ir porque dicían que estaba enmeigada. Porén, nós fomos, unha vez, de lonxe... cómocho?

LA CÁNDIDA Y EL MOLINO VIEJO (A CÁNDIDA E O MUÍÑO VELLO)

Rapaces/as 3º e 4º de ESO

Sinopse: Ás veces hai plans que non sae como se agardaba. A idea de darnos un baño no medio da noite rematou por converterse nun insólito paseo pola vila ata a vella fábrica de resina onde, como ben sabemos os que aquí vivimos, axexa o espírito da Cándida. Coñecer a súa historia e tamén a do último muiñeiro do vello muíño farían daquela noite algo inolvidable. Atrévete a acompañarnos?

VIEJOS CUENTOS DE NUEVO (VELLOS CONTOS DE NOVO)

Rapaces/as bacharelato e adultos

Sinopse: Dende que baixamos das árbores e teimamos en ser seres humanos, dende ese mesmo intre, nalgún lugar do mundo reúnense persoas para contar e escoitar contos. Agora mesmo, mentres vostede le estas palabras, outras que son voandeiras trenzan historias e fan crecer soños en ollos, oídos e corazóns. Quizais aconteza nunha casa flotante do Vietnam, ou tal vez ao pé dun baobab africano, ou nunha esquina á fresca nunha rúa dunha aldea de Centroamérica, ou nun iglú acabado de construír, ou nunha casa de Guadalajara. En todo momento neste mundo noso hai alguén contando e escoitando contos, imaxinando ficcións.

E así foi sempre ao longo da Historia, da nosa historia, porque contar e escoitar contos é, acaso, o xesto máis humano que temos: non coñecemos ningún animal que faga algo semellante. Por iso cantos máis contos se contan, cantos máis se escoitan, máis humanos nos facemos.

Hoxe convidámoslos a que participen desta festa mundial que dura séculos, a festa da palabra dita. Hoxe convidámoslos a que veñan a escoitar contos, vellos contos, contos que oíron moitos outros antes que vostedes e que, seguro, os farán parar un bo anaco. Contos de picaresca, tradición, humor, erotismo...

Contos que nos chegaron en colección clásicas como o Decamerón, o Asno de Ouro, Fabliaux, as Fáculas de Esopo e Samaniego... ademais de outros contos que nos chegaron a través da tradición.

Duración: 60-75 minutos.

IÑAKI CARRETERO e VICENTE FERRER - País Vasco



ESPECTÁCULO

EN “SANTIAGO” LOS PERROS TAMBIEN CUENTAN (EN SANTIAGO OS CANS TAMÉN CONTAN):

Sesión de contos con cans na que aprenderemos a convivir con eles na nosa cidade. Por medio dunha charla-conto-coloquio-demostración (cos nosos cans) dunha forma divertida e educativa, aprenderemos os dereitos e deberes dos nosos cans e tamén dos seus donos, de como poder mantelos felices por medio do deporte e os paseos na nosa cidade. Espectáculo dirixido a familias. É un formato moi interactivo, onde se mestura o formato “contos” con exhibición canina (unha hora aprox.) (Iñaki Carretero narrador, 20 anos de experiencia, máis de 30.000 nenos escoitarono) (Vicente Martínez, educador canino, máis de 10 anos exercendo)

TEXTO ALTERNATIVO:

“E dende ese día, o neno non tivo medo, tivo can...”. E dende ese día comezou unha nova historia entre can e humano, historias de vida, historias de medo, historias de risa, historias de amor e convivencia.

Nesta sesión de contos caninos con axuda de Hiru e Mirka (as nosas dúas cadelinas), ademais de desfrutar, aprenderemos como comunicarnos cos nosos

amigos de catro patas, como gozar deles e como axudarlles a vivir e a convivir coa xente da nosa cidade. Contos para aprender e pasalo ben.

CANS, DEPORTE, MOCIDADE E CIDADE.

Charla sobre como os animais de compañía poden axudar á nosa mocidade (e tamén aos non tan moz@s)

Cada vez hai máis rapaces/as que dispoñen de cans, pero que ás veces non saben que facer ao seu carón. Nós ímoslles ofrecer un desafío: educalos dende o deporte na cidade e, desta maneira, educarse eles mesmos. Todo isto dende o “concepto” como parte importante da aprendizaxe e do bo entendemento entre especies, compartindo o tempo libre sen violencia nin “líderes de manadas”

Deporte saudable, educación comprensiva e diálogo. Un reflexo educativo dende o ocio para aprender a vivir na vida. Xa o dixo Ghandi: “a grandeza dunha nación e o seu progreso moral pode ser xulgado pola forma en que os seus animais son tratados”

Iñaki Carretero

Contador de historias dende o ano 98, sente que é un luxo vivir do conto. Recorre a xeografía cos seus contos, libros e amados cans.

Ten unha enorme experiencia en descubrir as historias que hai no aire, nas bibliotecas, nas letras que bailan ás veces sen sentido para nenos e nenas.

Dono dunha enerxía contaxiosa e dun absoluto dominio do espazo, capta a atención como poucos do seu auditorio.

Din por aí que é especialista en primeira lectura, pero el prefire dicir:


Que non é un narrado habitual,

Nin un lector habitual,

Nin un animador de lectura habitual...

É disléxico, cóstalle ler e ás veces mestura as palabras ao falar, pero esa visión tan particular do mundo do oral e escrito é o que lle gusta e lle funciona. É o que lle fai escoitar ao que lle costa escoitar, e ler ao que lle costa ler.

LAURA ESCUELA - TENERIFE



Laura Escuela é narradora oral e vive en Tenerife, terra de atlántico, barrancos e altura. De formación é Mestra en Educación Infantil e Licenciada en Psicopedagogía. Conta cun Mestrado en Promoción e Animación Lectoras pola Universidad de Castilla La Mancha e complementa a súa formación con estudos de piano e solfexo. Traballa desde hai máis de dez anos arredor do mundo da literatura infantil, a música e a discapacidade.

Conta contos desde o ano 2008 e ten traballado en numerosos festivais de contos das illas, como o Festival Internacional del Cuento de Los Silos (2008-2015), Festival Verano de Cuento de El Sauzal (2009, 2013, 2014, 2016), La noche de los cuentos de La Laguna (2013, 2017), Festival Palabras al Vuelo (Lanzarote, 2014), así como no circuío Insular de Narración Oral de Gran Canaria (2010, 2017) e, na península, no Festival Riu de Contes (2011) e o Maratón de Cuentos de Guadajara (2016)

Adoita contar en escolas, centros infantís, bibliotecas, teatros, centros culturais e aqueles lugares nos que o conto atopa o seu sitio. Durante os últimos anos levou a cabo proxectos pioneiros de sesións de Bebecuentos en Bibliotecas de Canarias.

ESPECTÁCULOS

Del norte vengo (Do norte veño)

Del norte vengo é unha sesión de contos que veñen do norte, máis concretamente de Escocia e do resto do Reino Unido. Son historias que veñen do frío Atlántico norte, dos encontros diante do lume, das vidas de tantos que souberon vivir para contalo.

Casas de luz

Na costa unha luz ilumina o mar. É unha casa de luz, un faro no que vive un fareiro. Esta é unha sesión de historias imposibles, enigmáticas e maravilosas en torno a estas torres que alumean a noite e o camiño.

Bebecontos

Sesións de contos, poemas e cancións utilizando instrumentos musicais (ukelele, campás e instrumentos de pequena percusión), obxectos e libros.

¡Qué animalada! (Que animalada!)

Contos tradicionais e álbums ilustrados nos que os animais e as súas peripecias teñen o protagonismo. Unha sesión dinámica e participativa acompañada de algúns instrumentos musicais.

FÁTIMA VILLAMEL (GALICIA)



As historias estiveron dende sempre rebulindo polas miñas orellas ata que os ventos alisios dunha pequena illa no medio do Atlántico as levaron ata a miña gorxa, traguei, fixen unha longa dixestión e botei unha boa sesta. Espertei de novo en Galicia, espreguiceime e dei de fociños co CIOV (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo). Alí comecei a fiar palabras e a tecer contos coas máis xenerosas das teceláns, Ana Carreira, Paula Carballeira e Raquel Queizás axudáronme a urdir e tramar, a destecer os contos para volver a tecelos. E nesas sigo, aprendendo.

Chove!

Cando chove miudiño

o mellor son os contiños

Se chove a caldeiros

contarémolos por milleiros.

Xa caen as primeiras pingas

pinguñas que nos han mollar

*Que veñan logo
imonos asomar!*

Chove é unha sesión de contos para os máis miudiños acompañados das súas familias.

Igual ca nun día de choiva asomaremos á xanela a mirar como caen as historias e a escoitar o seu ritmo, porque chove é unha sesión para mirar, para escoitar.

A oralidade e a Lingua de Signos van da man, coma os tronos e os lóstregos nas treboadas.

Se chove, deixa chover

CHARO PITA (GALICIA)



Chámanme Charo Pita. Nacín á idade de seis anos cando rematei de ler o meu primeiro libro. Dende ese día a miña idade foise adaptando ata facerme sentir contemporánea de todo o mundo.

Resulta difícil dicir algo sobre min agás que sempre estou a medio camiño: nin adulta nin nena, nin gorda nin fraca, nin rubia nin morena, nin india nin vaqueira, nin de aquí nin de alá, unha salvaxe tranquila, entre o po da viaxe e a modorra dunha butaca vella, unhas veces coa palabra na boca, outras coa música.

Levo narrando dende o ano 1994. O meu traballo como narradora abrangue diversas áreas do fabuloso, conto tanto para nenos como para adultos. Tamén imparto obradoiros de narración e levo publicado máis dunha decena de libros.

Menú de contos | 55 min | nenos/as de infantil e primaria

Existen encontados de moitísimos tipos: princesas, sapos, bruxos, bonecos, trens, fabas, reis, lúas, papóns, dragóns, camelas... todas e todos encontados en palabras. Como os tomates en conserva ou os mexillóns en escabeche. E a lata vaise abrindo aos pouquiños, frase a frase, cun dicir parrochento, cos labios relaxados e as orellas frescas. É importante sentir nos oídos o gusto peculiar de cada historia. Iso alimenta. Como o leite condensado ou os melocotóns doces. Hai historias salgadas ao xeito das patacas fritidas sempre alegres e riseiras. Outras son misteriosas como os paquetes de gotogrós que xa non se venden nas tendas. Hai historias tristes como os botes de espárragos e mesmo tenras como os filetes de pescada. Depende do menú do día. De como veña a encontadora. De como sexa a fame dos que escoitan. Pero todas dun xeito ou outro axudan a medrar porque teñen vitamina I de Imaxinativas.

A narradora levará unha serie de contos para contar e, como en calquera almorzo en restaurante, os convidados, coa axuda dela, irán escollendo historias do menú até conformar unha exquisita comida mesmo con sobremesa!

Vai de bechos! | 55 min | nenos de infantil e primaria

Un león, un rato, unha tartaruga, un caracol... Centos de animais poboan as historias, as adiviñas e as cancións deste espectáculo. Que animal será quen de vencer o vento? Poderá construír un rato un palacio? Quen, de entre tódolos habitantes da selva, nos regalou un instrumento musical? Seremos capaces de contar tódolos animais que viven no mar? Animais, animáculos, feras, bestas, bechas, bechocos, e algún monstro serán os protagonistas desta sesión de contos.

RAQUEL QUEIZÁS - Galicia



Nacín en Queirugás, unha pequena aldea preto de Verín (Ourense). Das historias que escoitaba aos meus avós xorde a miña paixón pola narración oral, pola lingua, pola lectura e polo teatro. Naquela época sabía a hora exacta polo sol, xogaba con bonecas feitas con carozos de millo e hipnotizaba galiñas. A pesar da miña timidez, no patio do colexio reproducía para as miñas compañeiras e compañeiros esas historias escoitadas a carón da lareira.

Son actriz, monicrequeira, filóloga (Universidade de Santiago, 1998), e sobre todo, contadora de historias. O meu repertorio inclúe contos tradicionais, lendas de cada recuncho, adaptacións de contos de autor e historias propias. Quizais fose polos contos que me contaba a miña avoa (porque a memoria dos antepasados non só é vida, senón sabiduría pura), quizais porque a nena que levo dentro segue soñando con ese mundo de fantasía, fose como fose, os contos forman parte da miña vida persoal e profesional. Levo xa vinte anos inmersa profesionalmente no mundo dos contos e do teatro.

NANOCONTOS - CONTOS PARA BEBÉS

Para os nosos amigos, os animais, cada día é unha nova aventura chea de cousas que aprender, mentres xogan coas cores, as formas e a música. Porque cando se é tan pequeno ata as cousas más sinxelas se convierten en todo un reto.

Os meniños reinventan o mundo cunha mirada que o ve todo pola primeira vez,

abraiándose a cada paso, mentres aprenden novos nomes para os obxectos que acaban de descubrir. É un espectáculo que estimula as habilidades de percepción espacial e psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias adaptadas para captar o seu interese e cunha duración apropiada á súa capacidade de atención. Este é Nano unha ra que medra cos contos que eu mesma invento.

ROMARÍA - CONTOS PARA NENAS E NENOS DE 3 ANOS EN DIANTE

Romaría é un espectáculo de narración oral onde as nosas lendas tradicionais achegan o mundo rural e antigo aos rapaces, descubríndolles un modo de vida descoñecido para os máis deles.

Queliña, unha nena de aldea, ten que rematar de apañar as patacas para que a deixen ir á romaría. Alí quedou cos amigos para brincar, bailar e facer carreiras de sacos. Cara a tardiña, antes de que remate a festa, tódolos rapaces buscan a avoa Tareixa para que lles conte lendas, lendas para perder o medo.

A ORIXE - CONTOS PARA NENAS E NENOS DE 3 ANOS EN DIANTE

A *orixe* é unha recolleita de lendas, mitos e contos da tradición oral de diferentes culturas do mundo. Estas historias teñen un dobre propósito. Por un lado, son unha forma de educar os máis novos (os contos están protagonizados por animais personificados que se debaten entre o uso da forza bruta e o emprego da intelixencia para a resolución dos conflitos).

Doutra banda, moitas destas lendas buscan describir e explicar a orixe do mundo e o lugar que o home ocupa nel, fomentando o respecto pola natureza.

RAMIRO NEIRA (Ribadavia, Ourense)



Diplomado en Maxisterio (especialista en Audición e Linguaxe) e ten moitos anos de experiencia en Galicia como actor, director, docente, produtor e distribuidor de diferentes espectáculos de Teatro. Como actor traballou e traballa con diferentes grupos de Teatro: Artestudio Teatro, Sardiña, Tea, Estragón, Grupo Institucional da Universidade da Coruña, Teatro da Bufarda, Espello Cóncavo, Teatro da Lúa, Casa Hamlet, Patatín e Patatán, entre outros. Como docente e Director coordinou grupos en: Sardiña, Gangarilla, Instituto María Casares, Centro Fonseca, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Concello de Ordes, Fogar do Maior do Barrio das Flores, Artestudio, Forum Metropolitano...)

Como produtor e distribuidor traballou con: Teatro da Bufarda, Hac Luce Universidade da Coruña, Teatro da Lúa, UVG Teatro, Galileo Teatro, Ballet Studio, Paparota Teatro, ...

Actualmente compaxina os seus traballos como docente, actor e director ca Coordinación de diferentes proxectos do Concello de A Coruña e do Forum Metropolitano, como son o Programa Horas Punta, Mostra de Teatro Escolar e os Encontros de Teatro Independente de A Coruña.

ESPECTACULOS

Antón Fraguas

“A memoria dun Pobo”- Peza de Narración Oral de 50 min de Duración onde se entremezcla a vida de Antón Fraguas con relatos da cultura espiritual

campesiña, as festas e romarías populares, as cantigas, as crenzas e os costumes que aparecen nos seus ensaios. Peza dirixida a público adolescente

Xabier Docampo

“Viaxando pola Noite”- Peza de narración oral de 50 minutos de duración baseada nos contos da obra “Cando petan na porta pola noite” de Xabier P. Docampo. Na tradición da literatura oral galega, os contos de medo son un xénero moi abundante nos relatos populares, aqueles que se contaban á beira da lareira nas noites de inverno cando nin a televisión nin a radio acompañaban con imaxes ou voces. Contos que teñen unha maneira especial de ser contados para que os ointes poidan crelos e, á súa vez, contalos noutra reunión. Peza Dirixida a público adolescente.

Xabier Docampo

“Cun ollo aberto e...”- Peza de narración oral de 50 minutos de duración baseada na obra “Con ollo aberto e outro sen cerrar” de Xabier P. Docampo dirixida a nenos/as público familiar.

Cris de Caldas

Cris de Caldas



Di sobre ela: "Tanto me gustaban os contos de pequena que levaron a estudialos a través da filoloxía pero como os botaba de menos convertínme en bibliotecaria para telos máis preto. A paixón por eles foi en aumento e houbo un día no que desexei contar os seus segredos, compartir o seu corazón a quen quixera escoitar e así é, como me convertín en contadora de contos e historias. Feliz son cando conto, sempre con emoción."

Contos de Lilith:

Lilith foi a primeira muller de conto e merece ser coñecida a súa historia. Ao seu lado estará Pepa a Loba e outras bravas mulleres.

Contacontos de igualdade

Público adolescente

Duración: 45 minutos